

Ola rapazas e rapaces:

Este ano gustaríame falar con vós de algo moi próximo. Desde o colexio vese moi ben o mar, mais se miramos cara ao outro lado veremos que está rodeado de montes. Non son moi altos pero si moi bonitos.



E o que quero contarvos é por que me gustan tanto os montes. Gústanme porque son como unha casa grande, unha casa que é de todos e de ninguén.

Dos montes gústanme as pedras e a terra que os forman e a auga que baixa polos seus ríos.



Gústanme as herbas, os arbustos e as árbores que viven no monte. Entre todas estas plantas forman o mellor do monte: os bosques.



Gústanme, como non, todos os animais que viven nel, desde os máis pequenos ata os máis grandes. Uns nadan, outros voan, moitos corren ou se arrastran...



Tamén me gustan as persoas que viven no monte. Uns coidan os prados para alimentar aos seus animais.



Outros coidan das árbores porque lles interesa a madeira.



Outros vivían para que non pase o peor que lle pode pasar a un monte: os incendios.

Recordo con moita mágoa os que houbo o ano pasado aquí mesmo. Se camiñades por estes montes aínda podedes ver moitas árbores queimadas.



Xa vedes que este ano me puxen un pouco seria. Será porque recordo que moita xente veu refuxiarse ao colexio cando os incendios do ano pasado. Pode ser que algúns de vós e as vosas familias.

Este curso pídvos que traballedes moito sobre este tema e que recordedes que o monte tamén é a vosa casa e que tedes que facer todo o posible para coidalo. Para que non o esquezades aí vai o meu lema e o meu consello:



Seguro que non vos arrepentides.

Moitos bicos da vosa amiga:



*A Meiga Tintureira*